

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0054	Dotación sanitaria	2022/2023	0	107	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA TERESA JIMÉNEZ BÉRTOLO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica os tipos de transporte sanitario e de vehículos asistenciais, e realiza o mantemento básico da dotación sanitaria do vehículo.
RA2 - Controla as existencias e os materiais do vehículo sanitario, e identifica as súas características e as necesidades de almacenaxe.
RA3 - Aplica as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización segundo o procedemento e as medidas de seguridade establecidas.
RA4 - Formaliza a documentación clínica e non clínica da súa competencia, e comproba a información que deba figurar en relación coa súa utilidade.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Diferenciáronse os tipos de transporte sanitario e de vehículos asistenciais.
CA1.2 Interpretáronse e executáronse as recomendacións de fábrica.
CA1.3 Clasificouse a dotación material do vehículo, segundo o nivel asistencial e o plan de mantemento.
CA1.8 Clasificáronse os medios e os procedementos de prevención e de protección, en función dos factores e das situacións de risco laboral no seu ámbito de traballo.
CA1.9 Interpretáronse os sinais de protección e as normas de seguridade e hixiene.
CA2.1 Definíronse as situacións de emerxencia e catástrofe que requiren material sanitario na preparación loxística.
CA2.2 Identificáronse os documentos de control das existencias de almacén.
CA2.3 Asociouse cada tipo de documento co obxectivo desempeñado no funcionamento do almacén.
CA2.6 Formalizáronse as ordes de pedido, con precisión do tipo de material, o axente e a unidade ou empresa subministradora.
CA2.10 Xustificouse o óptimo aproveitamento dos recursos materiais.
CA3.3 Clasificáronse os procedementos de limpeza, desinfección, embolsamento e esterilización.
CA3.4 Relacionáronse os procedementos de limpeza, desinfección e esterilización coa súa aplicación sobre os tipos de material.
CA3.5 Identificáronse os perigos da manipulación de produtos de limpeza, esterilización e desinfección.
CA3.7 Realizouse a limpeza, a desinfección e a esterilización do material sanitario e do habitáculo asistencial, tras unha actuación.
CA3.8 Organizouse e colocouse o material do vehículo ao terminar a súa limpeza e a súa desinfección.
CA4.1 Identificáronse os tipos de documentos clínicos.
CA4.2 Identificáronse a función e as vías de tramitación dos documentos clínicos.
CA4.3 Identificouse o informe de asistencia da realización de manobras de soporte vital básico coa información que cumpra incluír.

Criterios de avaliación do currículo
CA4.5 Identifícase a documentación preceptiva do vehículo asistencial: formularios, partes de asistencia, autorizacións e permisos legais, etc.
CA4.6 Valórase a importancia da documentación como elemento clave da trazabilidade do proceso de asistencia.
CA4.7 Mánexase a documentación e a información cumprindo a lexislación de protección de datos, e a de dereitos e deberes dos pacientes.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica os tipos de transporte sanitario e de vehículos asistenciais, e realiza o mantemento básico da dotación sanitaria do vehículo.
RA2 - Controla as existencias e os materiais do vehículo sanitario, e identifica as súas características e as necesidades de almacenaxe.
RA3 - Aplica as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización segundo o procedemento e as medidas de seguridade establecidas.
RA4 - Formaliza a documentación clínica e non clínica da súa competencia, e comproba a información que deba figurar en relación coa súa utilidade.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Diferenciáronse os tipos de transporte sanitario e de vehículos asistenciais.
CA1.2 Interpretáronse e executáronse as recomendacións de fábrica.
CA1.4 Verifícase a funcionalidade dos equipamentos sanitarios e de autoprotección.
CA1.5 Verifícase a funcionalidade dos sistemas de comunicacións.
CA1.6 Aplícanse as instrucións dos fabricantes relativas ao mantemento básico da dotación.
CA1.7 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias relacionadas co funcionamento dos equipamentos.
CA2.2 Identifícanse os documentos de control das existencias de almacén.
CA2.4 Comprobase a caducidade dos fármacos, e a do material funxible e de cura, e retírase o caducado.
CA2.5 Identifícanse e rexístranse as necesidades de reposición.
CA2.6 Formalizáronse as ordes de pedido, con precisión do tipo de material, o axente e a unidade ou empresa subministradora.
CA2.7 Efectúase a reposición conforme as condicións de conservación do material, segundo as súas características e as necesidades de almacenaxe.
CA2.8 Utilízase a aplicación informática para a xestión do almacén.
CA2.9 Comprobase a cantidade de osíxeno das balas do vehículo e, se o nivel non era o axeitado, efectúase a súa reposición.
CA3.1 Elimínanse os residuos orgánicos e inorgánicos derivados da actividade sanitaria.

Criterios de avaliación do currículo
CA3.2 Utilizáronse contedores correspondentes ao tipo de residuos.
CA3.6 Preparáronse as solucións para a limpeza e a desinfección do material, segundo o seu tipo e as súas características.
CA3.7 Realizouse a limpeza, a desinfección e a esterilización do material sanitario e do habitáculo asistencial, tras unha actuación.
CA3.8 Organizouse e colocouse o material do vehículo ao terminar a súa limpeza e a súa desinfección.
CA4.1 Identificáronse os tipos de documentos clínicos.
CA4.3 Identificouse o informe de asistencia da realización de manobras de soporte vital básico coa información que cumpra incluír.
CA4.4 Formalizouse o documento de desexo de non traslado e transmitiuse a información.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles:

Todos os criterios de avaliación indicados para cada proba segundo a Orde do 5 de abril de 2013 agás o CA 2.6 e o CA 2.8.

Criterios de cualificación:

Proba teórica: Cualificarase de 0-10 puntos. Para a superación da proba, que ten carácter eliminatorio, o alumno/a deberá acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Proba práctica: Cualificarase de 0-10 puntos. Para a superación da proba, que ten carácter eliminatorio, o alumno/a deberá acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación final da proba será, no caso de superar as dúas probas, a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso de suspender a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de 4 puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Ten carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita con preguntas de resposta breve que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A duración da proba escrita será de 1h.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble.

Non se permitirá o uso de móbiles nin outro dispositivo electrónico.

Será precisa a identificación mediante DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da táboa.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez rematado o chamamento público do alumnado.

A realización desta proba poderá requirir da disposición de medios informáticos (ordenador, rede de internet, etc) para a súa realización telemática se a situación sanitaria esixe a non presencialidade no centro educativo. No caso que o exame non puidera realizarse na modalidade presencial realizarase a través de medios telemáticos e o alumnado disporá da información necesaria no momento apropiado.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda que terá tamén carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente representativa dos criterios de avaliación establecidos para esta parte da proba.



A duración da proba será dunha hora.

Non se permitirá o uso de móbiles nin outro dispositivo electrónico.

Será precisa a identificación mediante DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da táboa.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez rematado o chamamento público do alumnado.

A realización desta proba poderá requirir da disposición de medios informáticos (ordenador, rede de internet, etc) para a súa realización telemática se a situación sanitaria esixe a non presencialidade no centro educativo. No caso que o exame non puidera realizarse na modalidade presencial realizarase a través de medios telématicos e o alumnado disporá da información necesaria no momento apropiado.